

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA AS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DA NECESIDADE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE EMULSIÓN BITUMINOSA PARA O ASFALTADO DE PISTAS NO MEDIO RURAL DO CONCELLO DE LUGO.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 48-2023, por un importe total de 10.000,00 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2023, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas da necesidade de contratación da subministración de emulsión bituminosa para o asfaltado de pistas no medio rural do Concello de Lugo.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Refs: 2023/1882, de data 23.11.2023, así como o RCMOD núms: 2023/81336 e 2023/81337, de data 23.11.2023, por importe de 10.000,00 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 10.000,00 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

APLICACIÓN S QUE CEDEN CRÉDITO	IMPORTE €	APLICACIÓN S QUE INCREMENTAN CRÉDITO	IMPORTE €
43120.12004 43120.12101	6.000,00 € 4.000,00 €	45910.21000	10.000,00 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	10.000,00 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	10.000,00 €

Firmado por: ***947*** - LARA MENDEZ LOPEZ (FECHA: 2023-11-24 09:56:01.00)

CVD: 0WRX7GE+IzIHG9bc8OgM

Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Nº de decreto: 10585/2023

INTERVENCIÓN

MVF/slb

Refª: ispac3168716666919862421.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 48-2023 Medio Rural

SEGUNDO. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.